



## ANUNCIO

Expte: 2022/E001/000007

### SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS TÉCNICOS/AS DE TURISMO, FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS EN RÉXIME DE EXECUCIÓN DE PROGRAMAS.

Por decreto de Alcaldía núm. 198/2022 de data 10.05.2022, resolveuse a admisión dos aspirantes na selección antedita, a designación do Tribunal e a data da proba escrita; sendo o contido literal do decreto o seguinte:

### DECRETO DE ALCALDÍA

“Expte: 2022/E001/000007

Vistas as bases específicas e demais documentación que constan no expediente que se está a tramitar para a contratación laboral de dous /dúas técnicos/as de turismo como funcionarios interinos no Concello de Valdoño, ao abeiro do programa de subvencións a concellos e agrupacións de municipios da provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2022.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes concedido ao efecto e examinada a documentación aportada polos aspirantes,

Esta Alcaldía, **RESOLVE**:

**PRIMEIRO.**- Aprobar a listaxe definitiva para participara no proceso de selección de dous/dúas técnicos/as de turismo ao cumprir todos os aspirantes os requisitos da convocatoria.

APELIDOS, NOME	DNI	ADMITIDO
Grandal Meizoso, Aroa	***0750**	SI
Leal Cancela, Miguel	***1816**	SI
Picos Fuentes, Carla	***3750**	SI

**SEGUNDO.** - Vista a Base oitava da convocatoria e conforme o disposto no artigo 60 o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en condición de alcalde do Concello de Valdoño designo o Tribunal Cualificador para o devandito proceso selectivo:

Presidenta.- Carlota González Navarro, secretaria municipal do Concello de Valdoño.

Suplente.- Cristina Garay Aguirre, Técnica Superior de Persoal no Concello de Arteixo

Secretaria.- Pilar Rivera Rodríguez, funcionaria do Concello de Valdoviño (área secretaría).  
*Suplente.- Senén Martínez Prieto, funcionario do Concello de Valdoviño, (área servizos económicos)*

Vogais

Titular.- Rita Díaz González, técnico Cultura do Concello de Valdoviño

*Suplente.- Rosario García Villar, funcionaria do Concello de Valdoviño, (área servizos económicos).*

Titular.- Elisa Marqués Parrilla.- Interventora do Concello de Valdoviño.

*Suplente.- Carlos Abeledo González, arquitecto municipal do Concello de Valdoviño.*

Titular.- Manuel Larrosa Rodríguez, secretario-interventor no Concello de Ares.

*Suplente.- Baldomero Beceiro Alonso, secretario-interventor no Concello de Monfero.*

**TERCEIRO.-** A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día 19 de maio de 2022 ás 10 horas na Casa do Concello.

**CUARTO.-** Sinalase como data da proba da fase de oposición o xoves día **19 DE MAIO de 2022** ás **10 HORAS, 30 MINUTOS** a celebrar na **Casa do Concello de Valdoviño no Salón de Plenos e CONVOCASE aos aspirantes** admitidos no proceso selectivo para a súa realización; que acudirán provistos de documento que acredite a súa personalidade.

Contra a composición deste Tribunal poderá presentar o escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**CUARTO.-** Publíquese o presente decreto, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

O que se expón aos efectos oportunos.

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe.

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández”

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde, Alberto González Fernández.